

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA XVI EDICIÓN DOS PREMIOS DO AUDIOVISUAL GALEGO MESTRE MATEO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Academia Galega do Audiovisual** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o 8 de xaneiro de 2018 ata o 2 de xullo de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a realización de actividades relacionadas coa XVI edición dos Premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo, convocatoria que recoñece e estimula o labor desenvolvido pola profesión audiovisual en Galicia ao longo de 2017 nun total de 25 categorías divididas en dúas modalidades, categorías de produción e categorías profesionais, ademais do premio de honra Fernando Rey e os premios honoríficos José Sellier e Chano Piñeiro, e que ten o punto culminante na celebración, na cidade da Coruña, da gala de entrega dos galardóns, que nesta edición se adianta ao mes de marzo.

Completan este recoñecemento á industria do cine e televisión feitos en Galicia unha serie de actividades paralelas a propia gala como son os encontros dos profesionais finalistas nas distintas categorías cos alumnos das escolas de imaxe e son (Encontros Mestre Mateo), as proxeccións organizadas pola Academia para promocionar os gañadores e nominados (Proxeccións Mestre Mateo), os os propios actos de lectura e xuntanza de finalistas e a colaboración con outras academias e entidades afíns para poder promocionar as obras gañadoras en foros e academias do resto do Estado.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación Academia Galega do Audiovisual que permitan a súa participación no desenvolvemento dos Premios Mestre Mateo co propósito






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

de dotar de maior estabilidade ao sector, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior dos produtos audiovisuais galegos e dos seus creadores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

